

# English



	<p>Where is the green sheep? Mem Fox and Judy Horacek Editorial: Hachette</p>
	<p>The very hungry caterpillar Eric Carle Editorial: Penguin</p>
	<p>From head to toe Eric Carle Editorial: Penguin</p>
	<p>Emotionary Cristina Núñez Pereira Editorial: Palabras aladas.</p>
	<p>My first origami kit. Joel Stern Editorial: Tuttle</p>
	<p>Hope on Turtle Island Paul Shipton Colección: Oxford Read and Imagine.</p>



RECOMENDACIONES DO  
EQUIPO DE  
BIBLIOTECA



## BO NADAL

—2020—

CEIP PLURILINGÜE ISIDRO PARGA PONDAL

## Lecturas recomendadas de 3-6 anos



Con ingredientes tan simples como un granxeiro, cinco animais, unha árbore e un soño nevado, Eric Carle inventa un espectacular agasallo de Nadal. Un libro con transparencias, botón sorpresa, lucecitas e música. Para celebrar en familia!

A partir de 4 anos

Os Reis non entran nas casas dos nenos que non estan durmidos! -espétoulle o pai.


-Entón voume deitar cedo -aceptou o cativo. ...No medio e medio da noite, Martiño espertou coas ganas de mexar...

A partir de 5 anos



Recoller unha árbore no bosque para decorala, facer debuxos para agasallalos ás amizades, facer uns pasteis, escribir as invitacións... Ernesto e Celestina celebran unha gran festa de Nadal. Non a perdas!

A partir de 4 anos



## Lecturas recomendadas de 6-9 anos



A valente Noa, o elfo Din-Don e mais o seu amigo carboeiro o Apalpador emprenden unha nova aventura nas fragas do Courel, desta vez na procura do mítico tesouro dos mouros, que está agochado nalgures. Para o descubrir deberán superar as máis variadas probas e coñecerán toda clase de personaxes.

A partir de 6 anos

Marcela vive coa súa avoa, a castañeira, e mais cunha boneca de trapo gastada polo tempo e os abrazos. No Nadal, a avoa monta o posto diante dunha tenda de xoguetes e alí ve, no escaparate, a boneca de porcelana perfecta para a súa neta...




A partir de 7 anos



A partir de 6 anos

Contan que só hai catro estacións: primavera, verán, outono e inverno. Pero é mentira. Hay unha máis e chámase Estación Nadal. É a máis divertida do ano, porque é tempo de agasallos pero tamén de cancións e de vacacións e de galdrumadas e de... en fin, de todas as cousas boas que ten a vida.


## Lecturas recomendadas de 9-12 anos




Da man de tres espectros, os do Nadal pasado, presentes e porvir, penetramos nas casas da burguesía e da clase humilde, paseamos polas rúas de Londres e cruzámonos coas súas xentes.

A partir de 9 anos

Na T.I.A. respírase o ambiente do Nadal. Os axentes máis torpes do planeta non deixarán de tropezarse coas situacións máis divertidas e esperpénticas durante as festas máis sinaladas destes días, desde a noiteboa ata o día de reis, pasando polos santos inocentes e a noite de fin de ano.



A partir de 9 anos



Chega o inverno e Frei Perico e o resto dos frades do convento prepáranse para celebrar o Nadal. O frío, a fame e a peste serán algúns dos obstáculos aos que os pobres monxes terán que enfrontarse. Unha estupenda historia que ensina o verdadeiro valor destas festas.

A partir de 9 anos